

ALMORZO INFORMATIVO

As políticas de promoción e protección da calidade dos produtos alimentarios galegos e do fomento da I+D+i

 24 de novembro de 2022

 9.30 h

 Hotel Palacio del Carmen AC, Santiago de Compostela

Nesta xornada informativa analizaranse a políticas de promoción e de protección da calidade dos alimentos e as bebidas en Galicia e da potenciación da I+D+i agroalimentaria que promove a Xunta de Galicia.

O evento, que será o espazo para un debate aberto entre os axentes do sector, contará coa participación de Jose Luis Cabarcos, director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal). Agacal é o instrumento básico de actuación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción e protección da calidade diferencial dos produtos alimentarios galegos, así coma da I+D+i no sector agroalimentario.

Nesta xuntanza serán obxecto de análise novidades legislativas coma a nova Lei de calidade Alimentaria de Galicia, os plans para a promoción dos produtos de calidade diferenciada e os programas para a potenciación da I+D+i e do desenvolvemento tecnolóxico.

RELATOR



José Luis Cabarcos Corral

Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. Consellería do Medio Rural. Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade da Coruña (2000), está especializado en enxeñaría de procesos, desenvolvemento de negocios, equipos e proxectos. Posúe o MBA de IESIDE, e realizou o International Business Program na Universidade de Georgetown.



ORGANIZA



INSCRICIÓN

[FORMULARIO](#)